

NUM. CONSULTA: V0002/12

ÓRGANO: DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS

DATA DE SAÍDA: 31.01.2012

NORMATIVA:

- Artigo 8. seis do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado (artigo 15 da derogada Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns).
- Artigo 8. catro do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado (artigo 13 da derogada Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns).

DESCRIBIÓN-FEITOS

Matrimonio casado en réxime de gananciais, con veciñanza e residencia na CA de Galicia. Ambos os dous maiores de 65 anos e percibindo pensión de xubilación. A esposa é titular do 33,33% das participacións da sociedade limitada (non é de reducida dimensión). A actividade económica non é a de xestión dun patrimonio

mobiliario ou inmobiliario, o seu inmovilizado non supera o 50% do activo total da empresa. O resto das participacións sociais son de titularidade dun dos fillos.

A esposa exerceu o cargo de administradora e de xerente ata a data da súa xubilación percibindo retribucións que superaban o 50% dos rendementos empresariais, profesionais e de traballo persoal.

O fillo do matrimonio desempeña na actualidade as funcións de Director e Administrador Único da empresa que implica unha efectiva intervención nas decisións propias da empresa. Non existe contrato de alta dirección e percibe retribucións en concepto de director que superan o 50% dos rendementos empresariais, profesionais e de traballo persoal.

Ambos os dous socios reciben dividendos anuais en función da súa participación.

O centro principal e de xestión da empresa e o domicilio fiscal e social está situado en Galicia dende a súa constitución e existe a intención de mantelo na citada comunidade durante os 5 anos seguintes á data de devengo do imposto. A empresa vén exercendo efectivamente a actividade do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores ao devengo do imposto.

O cargo de administrador da sociedade non estará retribuído polo que se trata dun cargo gratuíto.

A esposa pretende transmitir a totalidade das súas participacións na sociedade limitada ao fillo que xa ten o restante 66,66% mediante un pacto de mellora, polo que pasa a ter a propiedade plena do 100% das participacións da sociedade limitada e continuara realizando as funcións de dirección e administrador único, recibindo por iso, máis do 50% dos rendementos empresariais, profesionais e de traballo persoal e comprométese cumprir co requisito de manter as participacións adquiridas e os requisitos de exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos ao devengo do imposto.

CUESTIÓN FORMULADA

Posibilidade de aplicar a redución do 99% na base imponible do imposto de sucesións, a tenor dos artigos 13 e 15 da Lei 9/208, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns, á transmisión de pleno dominio das participacións sociais nunha sociedade limitada a través dun pacto de mellora.

CONTESTACIÓN COMPLETA

En relación coa súa consulta, este Centro Directivo informa o seguinte:

Normativa:

Artigo 8. seis do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado (artigo 15 da derogada Lei 9/208, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns).

“ No caso de feitos impositivos recollidos na alínea a) do artigo 3.1º da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, nos que non se produza o falecemento do transmitente, os requisitos para a aplicación da redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica, de participacións en entidades e de explotacións agrarias serán os establecidos para as adquisicións inter vivos.”

Artigo 8. catro do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o

texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado (artigo 13 da derogada Lei 9/2008, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns).

“ Nos casos de transmisión de participacións inter vivos dunha empresa individual ou dun negocio profesional ou de participacións en entidades, aplicarase unha redución na base imponible, para determinar a base liquidable, do 99% do valor de adquisición, sempre e cando concorran as condicións seguintes:

- a) Que a persoa doadora teña 65 anos ou máis ou se atope en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.
- b) Que, se a persoa doadora vén exercendo funcións de dirección, deixe de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das devanditas funcións desde o momento de transmisión.

Para estes efectos, non se entenderá comprendida entre as funcións de dirección a mera pertenza ao consello de administración da sociedade.

- c) Que o centro principal de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, se atope situado en Galicia e que se manteña durante os cinco anos seguintes á data de devengo do imposto.
- d) Que na data do devengo do imposto á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa aplicable a exención regulada na alínea 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto de patrimonio.

- e) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa doadora.
- f) Que a persoa adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes ao devengo do imposto de acordo co establecido nas alíneas anteriores deste artigo, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a adquisición en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.
- g) Que a empresa individual ou entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores ao devengo do imposto.”

Resposta:

Para poder aplicar a redución a que se refire o artigo 13 da Lei 9/2008, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns, é necesario cumprir todos e cada un dos requisitos que no mesmo se recollen. De acordo co indicado, e considerando os datos proporcionados no escrito de consulta, resulta que se cumpren os requisitos sinalados nas letras:

- a) relativo a idade, pois o doante e maior de 65 anos.
- b) relativo ao exercicio das funcións de dirección, pois a persoa doadora que exerceu os cargos de administrador e xerente, polos que percibía retribucións que superaban o 50% dos rendementos empresariais, profesionais e de traballo persoal, deixou de exercelos na data da súa xubilación.

- c) relativo o domicilio fiscal, pois o centro principal e de xestión da entidade e o domicilio fiscal e social está situado en Galicia dende a súa constitución e existe a intención de mantelo durante os 5 anos seguintes a data de devengo do imposto.
- e) relativo ás persoas donatarias, pois os destinatarios das participacións son descendentes do doante.
- f) relativo o requisito de permanencia, pois sinala no escrito de consulta que o beneficiario do pacto de mellora comprométese a cumprir co requisito de manter as participacións adquiridas, e a cumprir cos requisitos de exención no imposto do patrimonio durante os 5 anos seguintes ó devengo do imposto.
- g) relativo a actividade, pois a entidade ven exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior os dous anos anteriores ao devengo do imposto.

No relativo o punto d), exención no imposto sobre o patrimonio, indicar que, conforme ó artigo 55.2.a) da Lei 22/2009, de 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, esta Dirección Xeral non é competente para contestar consultas tributarias que non se refiran á aplicación das disposicións ditadas pola Comunidade Autónoma en exercicio das súas competencias normativas. Como esta Comunidade Autónoma non aprobou disposición sobre esta materia, senón que as mesmas foron aprobadas polo Estado, non corresponde a esta Dirección Xeral a competencia para determinar a súa procedencia, senón que a mesma debe ser consultada no Ministerio de Economía e Facenda.